DEBUT 26’

(01) Sabela Alonso — *C4t-4tt4ck*
(02) Lucía Álvarez Corbelle — *Mirage: capas de identidad*
(03) Guida Aurembiaix — *Mikrokosmos*
(04) Alicia Bonilla — *Babette*
(05) Joan Manel — *Onas de Viaje*
(06) Álvaro Brea — *Agnus Dei*
(07) Fernando Búa — *Casa das Peitas*
(08) Yu Cadena — *Habitado*
(09) Alicia Gómez — *Remove Before Flight*
(10) Sara Herrero — *Fuck American Dream!*
(11) Manuel López de Silanes López — *La vanidad de ciertas flores*
(12) Lucía Prieto — *Alice in the Land of the Golden Fields*
(13) Laura Tubío — *Spirit's Garden*
(14) Tuset — *A suit for a player*
(15) Celia Vilariño — *This is (not) SuperStar*

Debut é a plataforma coa que o alumnado do Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda da Universidade de Vigo presenta publicamente os seus proxectos finais. É a culminación dun proceso formativo de dous anos no que a investigación, a experimentación e creación confl úen na construción dunha colección de moda autorial.

Dende 2007, que celebramos a primeira edición, esta pasarela converteuse nun dos principais escaparates do talento emerxente en moda en Galicia e nun punto de encontro entre a universidade e o sector profesional.

Debut 2026 ten un significado especial ao celebrarse a súa vixésima edición. Ao longo destas dúas décadas, Debut consolidouse como un espazo de visibilidade para deseñadoras e deseñadores que hoxe desenvolven a súa traxectoria profesional en firmas de referencia. A pasarela mantén o seu propósito orixinal: levar o traballo desenvolvido no ámbito académico a un contexto profesional real, permitindo que os deseñadores entren en diálogo con empresas, especialistas, medios de comunicación e público xeral.

Este 20 de novembro de 2026 no Pazo da Cultura de Pontevedra reúne a quince coleccións fin de mestrado, e cada proposta reflicte unha mirada singular sobre a moda contemporánea e evidencia a diversidade de enfoques, linguaxes e procesos que caracterizan a nova xeración de creadoras e creadores formados na Universidade de Vigo. Xunto á súa dimensión creativa, Debut constitúe tamén unha oportunidade de conexión directa coa industria, a través de encontros profesionais e da presenza de representantes de empresas e plataformas destacadas do sector.

As coleccións que integran este catálogo preséntanse por orde alfabética de apelido. Cada proxecto ábrese cunha ficha informativa e complétase con catro imaxes que documentan a proposta exhibida na pasarela, ofrecendo unha visión sintética dun traballo que representa o inicio dunha nova etapa profesional para as súas autoras e autores.

Sabela Alonso, Lucía Álvarez, Guida Aurembiaix, Alicia Bonilla, Fernando Búa, Álvaro Brea, Yu Cadena, Sara Herrero, Alicia Gómez, Joan Manel, Lucía Prieto, Manuel López de Silanes, Laura Tubío, Tuset e Celia Vilariño sairán á pasarela nesta vixésima edición de Debut e, ao facelo, dun xeito metafórico, están a cruzar unha ponte. Un percorrido no que deixan atrás a condición de estudante para presentarse ante a industria coa súa propia mirada creativa. Ese breve traxecto resume unha longa viaxe de aprendizaxe, e anuncia o comezo dunha nova etapa profesional.

Agardamos que cada paso lles abra novas posibilidades e desafíos nesta nova etapa profesional que están a iniciar.

É tempo de Debut!

Sabela Alonso
C4t-4tt4ck

Colección

C4t-4tt4ck investiga a relación entre a aviación, o imaxinario cartoon e a identidade feminina nunha colección de moda centrada no mono de traballo. Historicamente vinculado ao ámbito técnico e aeronáutico, o mono reinterprétase como unha peza estrutural capaz de transformar a silueta. A aviación achega referencias formais relacionadas coa velocidade, a mecánica e a gráfica, xunto coa influencia do cartoon clásico. A paleta cromática constrúese a partir da velocidade, o movemento, o ceo e as paisaxes. A través da exploración do volume, a hibridación de pezas e o uso do mono como uniforme simbólico, a colección propón unha lectura do corpo feminino que transforma os códigos do uniforme técnico.

Autoría

Sabela Alonso Freire

Instagram

@_sabela___

(01) Sabela Alonso



(01.1)

(01) Sabela Alonso





(01.2) (01.3)

Créditos

Fotografía

Fabiola Alonso Freire
@af.fabiola

Modelos

Almudena Casal, Eva Casal e Claudia García
@claaudiiia.10, @nalahhs_, @eva.c_p_

Maquillaxe e perrucaría

Saray Martin Santos
@y4r4.s

Colaboración

Fernando Búa
@fernandobuad



Lucía Álvarez Corbelle

Mirage: capas de identidad

Colección

Mirage explora como a mirada allea moldea, fragmenta e transforma a identidade, entre intimidade e exposición. A autoprotección actúa como armadura entre quen somos e o que amosamos. Sophie Calle, Vito Acconci e Louise Bourgeois inspiran a observación como dispositivo narrativo en dez conxuntos maioritariamente unisex. Estruturas ríxidas, pezas multiposición, cremalleiras e acetato alteran a silueta e a exposición corporal mediante contrastes de opacidade e transparencia. O coiro sintético, o tul e os brocados reforzan a dualidade entre vulnerabilidade e protección. Capas, estruturas e sistemas transformables reflicten as múltiples perspectivas sobre unha persoa e articulan unha reflexión sobre observación, intimidade e autorrepresentación.

Autoría

Lucía Álvarez Corbelle

Instagram

@lucialvarez___

(02) Lucía Álvarez Corbelle



(02.1)

(02) Lucía Álvarez Corbelle





(02.2) (02.3)

Créditos

Fotografía

Xián Táboas
@xian.taboas

Modelos

Shara Pérez, Christian Méndez, Thomas Orjuela, Eva Vázquez e Julia Vie
@shaperez122, @ch_mendez5, @thom._.06, @evaavazquez_, @jvl.iia_

Maquillaxe e perrucaría

Lucía Álvarez Corbelle
@lucialvarez___



Guida Aurembiaix
Mikrokosmos

Colección


A colección Mikrokosmos inspírase na obra homónima para piano de Béla Bartók e traslada o seu carácter vangardista ao deseño de moda. A disonancia, a atonalidade, os acentos e as síncopas reinterprétanse en termos visuais e matéricos para dar lugar a unha colección complexa, experimental e desenfadada. A cor, a textura e a forma xeran contrastes estridentes, saturados e aparentemente desordenados, evocando a tensión e a complexidade da linguaxe musical. Combínanse materiais asociados ao luxo con outros propios das manualidades ou do ámbito doméstico. Con referencias a Rei Kawakubo e Marc Jacobs, Mikrokosmos propón unha tradución entre música e moda na que forma, volume, cor e textura funcionan como equivalentes visuais da linguaxe sonora.

Autoría


Margarida Aurembiaix Roig Soler

Instagram

@guida.aurembiaix



(03) Guida Aurembiaix



(03.2) (03.3)



Créditos

Fotografía

Guida Aurembiaix, Claudia Pinaque e Joan Manel Boltes
@guida.aurembiaix, @claudiapinaque, @joanmanelboltes

Modelos

Candela Sande, Paula Feliu e Carolina Vilas
@cdemandela, @paulafelfust, @__carolvilas

Dirección de arte

Fernando Búa e Guida Aurembiaix
@fernandobuad, @guida.aurembiaix

Produción

Gabriella Lalire, Joan Manel Boltes e Claudia Pinaque
@whosglt, @joanmanelboltes, @claudiapinaque

Maquillaxe

Gabriella Lalire e Paula Feliu
@whosglt, @paulafelfust

Cesión do espazo

Asociación de Veciños Santo Estevo de Goiáns (Carballo)

Agradecementos

Teresa Fariña Casás



Alicia Bonilla
Babette

Colección

Tomo como punto de partida unha colección de libros de cociña que me acompañan desde hai anos, aínda que nunca souben ben que era o que me atraía deles. A isto súmanse filmes como Daisies (1966) e O festín de Babette (1987): dúas formas moi diferentes de abordar a cociña, que van desde o exceso ata a sobriedade. A través destes referentes, constrúo un imaxinario persoal no que conviven o cotián, a experimentación e o afecto.

Autoría

Alicia Bonilla Ciudad

Instagram

@aliciabonilla__

(04) Alicia Bonilla



(04.1)

(04) Alicia Bonilla





(04.2) (04.3)



Joan Manel
Onas de Viaje

Colección

Onas de Viaje reimaxina un proceso de civilización orquestrado polos colonos europeos cara ás sociedades indíxenas, os pobos orixinarios. Aínda que a proposta se centra nos habitantes da Terra do Fogo, a colección propón un choque de culturas: cowboys contra indios; o capital contra a moral; o industrial contra o primitivo; a gravata contra o poncho. A través dunha exploración de materiais e técnicas artesanais, o proxecto expón un cruce cultural e identitario.

Autoría

Joan Manel Boltes Tardito

Instagram

@joanmanelboltes

(05) Joan Manel



(05.1)

(05) Joan Manel





(05.2) (05.3)

Créditos

Fotografía

Guida Aurembiaix, Sabela Alonso e Claudia Pinaque
@guida.aurembiaix, @_sabela__, @claudiapinaque

Modelos

Henok Toural, Marcos Otero e Lucas Franco
@henoktr_9, @marcosgoesplaces, @lf4_official

Maquillaxe

Joan Manel Boltes e Guida Aurembiaix
@joanmanelboltes, @guida.aurembiaix

Cesión da localización

Yoli Pacín e Alex Varela
@granxa_ovina_vp



Álvaro Brea
Agnus Dei

Colección

Proposta creativa inspirada na tradición cultural española, especialmente na imaxinaría andaluza, e en películas da cinematografía de Luis Buñuel como Belle de Jour (1967), Ese obxecto escuro do desexo (1977), O discreto encanto da burguesía (1972) e Viridiana (1961). Explora a tensión entre o visible e o reprimido, o sagrado e o profano, e as estruturas de poder na relixión, a sexualidade, o xénero e a clase social. A relixiosidade popular, o simbolismo ritual, a artesanía e a estética folclórica dialogan co universo surrealista, crítico e provocador de Buñuel mediante a fragmentación do corpo, o contraste, a identidade ambigua e a subversión dos roles de xénero e das convencións morais burguesas. A tradición preséntase como terreo de conflito, desexo e transformación.

Autoría

Álvaro Tineo Brea

Instagram

@alvarobreaa


(06) Álvaro Brea



(06.1)

(06) Álvaro Brea





(06.2) (06.3)



Fernando Búa
Casa das Peitas

Colección

A colección ten como referente principal un álbum fotográfico familiar de dúas vodas rurais celebradas en 1969, utilizando a imaxe como dispositivo de análise estética. Explora a ruralidade, o desclasamento, a elegancia popular e a performatividade, arredor da tensión simbólica e a ambigüidade estética entre códigos de vestimenta cerimoniais e a funcionalidade da indumentaria de traballo. A investigación apóiase en referentes como Balenciaga, August Barron, Pasolini e Pierre Bourdieu. Na colección traballo con tecidos e siluetas asociados á tradición da alta costura, xogando con contrastes e oposicións de códigos estéticos, de cor e textura, e introducindo elementos da indumentaria de traballo no rural galego, desde unha mirada complexa e poética.

Autoría

Fernando Búa Domínguez

Instagram

@fernandobuad

(07) Fernando Búa



(07.1)

(07) Fernando Búa





(07.2) (07.3)

Créditos

Fotografía

Ernesto Sampons
@ernestosampons

Modelo

Jimena Zulueta
@jimenazulueta

Maquillaxe e perrucaría

Iria Salgado
@iriasalgado

Colaboración

Andrea Ramil
@andrearamil



Yu Cadena
Habitado

Colección

Habitado é unha colección que conecta arquitectura, corpo e espazo, tomando as obras de Luis Barragán como inspiración e método de exploración. Propón a peza de vestir como unha microarquitectura, na que o corpo non só viste unha forma, senón que habita un espazo construído. Cada peza busca transformar o acto de vestir nunha experiencia íntima, na que detalles como os cut-outs, os colos altos e as formas integradas constrúen unha narrativa común. A cor incorpórase como expresión da emoción, xunto con volumes e formas que evocan a dimensión e a percepción do espazo. Os materiais e as texturas reforzan este diálogo entre corpo e arquitectura. A colección explora o contraste entre o espazo e a vida que o habita.

Autoría

Yunuen Cadena Aceves

Instagram

@yu.caace
@lunaticooo___

(08) Yu Cadena



(08.1)

(08) Yu Cadena





(08.2) (08.3)



Alicia Gómez
Remove Before Flight

Colección

O proxecto explora o aire a través de pezas inspiradas no voo e no paracaidismo, ademais de estruturas de protección como os chalecos salvavidas. Estrutúrase arredor das contraposicións entre voar e caer, flotar e afundirse, inflarse e desinflarse, analizando como estas tensións transforman o corpo e a súa relación coa contorna. A proposta materialízase nunha colección de once estilismos para home e muller, na que se experimenta con volumes de guata e gomaespuma, tecidos de nailon e cordón técnico, que actúa como fío condutor. A funcionalidade abórdase mediante pezas de roupa reversibles, desmontables e intercambiables, concibidas para adaptarse ao movemento e propoñer distintas formas de interactuar co aire: protexerse, impulsarse ou gañar velocidade.

Autoría

Alicia Gómez García

Instagram

@_alimez

(09) Alicia Gómez



(09.1)

(09) Alicia Gómez





(09.2) (09.3)

Créditos

Fotografía

Pruden Álvarez e Óscar Álvarez
@pruden_alvarez, @oscaralvareez

Modelos

Marcos Angueira, Óscar Álvarez, Laura Sabel, Lucía Janeiro, Sergio B. Carpintero, Leire Gil, Sara Álvarez e Tania Suárez
@markxcd1, @oscaralvareez, @lauuu_sr, @lu.letas, @sergiocarpintero.io, @leiregilj, @ssaraalvareez, @taniaa_sv


Asistencia de produción

Lola A. Lombardia e Teresa Gómez
@lolalombardia, @teresaa.gg





Sara Herrero
Fuck American Dream!



Colección

Este proxecto explora a evolución dos códigos estéticos na cultura afroamericana e a súa influencia na construción da moda urbana contemporánea. A través do prisma do dandismo negro, os Zoot Suit Riots, o movemento dos Panteras Negras e o hip hop, cuestiona o ideal do "soño americano" e reflexiona sobre cuestións de identidade, representación e apropiación cultural. Mediante unha metodoloxía de patchwork conceptual, a colección combina referencias históricas, códigos de luxo reapropiados e a estética streetwear da década de 1990. Siluetas de gran volume, a superposición de capas, a reinterpretación gráfica de símbolos e a experimentación coa patronaxe conforman un arquivo visual singular, transformando as pezas nun vehículo de expresión crítica fronte aos discursos dominantes.

Autoría

Sara Herrero Robledo

Instagram

@sara__herrero

(10) Sara Herrero



(10.1)

(10) Sara Herrero





(10.2) (10.3)

Créditos

Fotografía


Rubén Mascato
@rubenmascato

Modelos

Henok, David e Daniel
@henoktr_9, @deivisngw, @dniel_elgol

Colaboración

Sergio Carpintero
@sergiocarpintero.io



Manuel López de Silanes López
La vanidad de ciertas flores

Colección

Esta colección xorde de investigar momentos da historia da indumentaria para explorar a emoción no proceso creativo. Esteticamente inspírase no período entre a Rexencia tardía francesa (1816) e o primeiro romanticismo masculino (1823), reinterpretando ao «proto-dandi», a sastrería e a vestimenta militar desde unha perspectiva contemporánea e imprecisa historicamente. O foco principal recae na construción das pezas: altera as proporcións con siluetas verticais e recorre á deconstrución mediante ganduxes visibles e acabados esfiañados. O resultado é unha proposta introspectiva sobre a uniformidade do eu e a creación dun código propio fronte ao colectivo.

Autoría

Manuel López de Silanes López

Instagram

@maanuu_____
@pompa__studio

(11) Manuel López de Silanes López



(11.1)

(11) Manuel López de Silanes López





(11.2) (11.3)

Créditos

Fotografía

Sara Antepazo
@saraantepazo

Modelos

Isabella Abdo e Colas I.



Lucía Prieto
Alice in the Land of the Golden Fields

Colección

Alice in the Land of the Golden Fields é unha colección que constrúe un reino fantástico, arraigado nunha perspectiva persoal sobre a natureza e as paisaxes de Castela. Inspirada en Alicia no país das marabillas e na obra de Agustina Droze, a colección transforma animais, vexetación e elementos da contorna en personaxes e formas, traducindo este universo á linguaxe da moda. A través da experimentación artesanal con técnicas como o gancho e a tecedura, a colección explora o volume, a textura e a cor como ferramentas expresivas. O resultado é unha serie de dez estilismos que mesturan artesanía, deseño contemporáneo e surrealismo para reinterpretar o cotián e crear un universo visual único.

Autoría

Lucía Prieto Pérez

Instagram

@bycialu

(12) Lucía Prieto



(12.1)

(12) Lucía Prieto





(12.2) (12.3)



Créditos

Fotografía

Fabiola Freire

Modelos

Eva, Nala, Lucía, Carlos, Jesús, Ming e María

@eva.c_p_, @nalahs_, @luciamateeoss, @carlosvelazquezofficial, @jesusveiga_, @heijiuhei, @mariiaavc

(12.4) · Volver ao índice

Laura Tubío
Spirit's Garden

Colección

O traballo está inspirado na película de animación xaponesa A viaxe de Chihiro (2001), dirixida polo cineasta Hayao Miyazaki. O obxectivo da colección é resignificar e interpretar, en certo modo traer á vida a través da linguaxe da moda, os diferentes personaxes, monstros e deidades que protagonizan este filme. O tratamento formal e estrutural e o proceso de confección das prendas fundaméntanse na resignificación conceptual das identidades dos personaxes a través da linguaxe creativa da moda, tomando a silueta como referencia formal e a estampación manual como metodoloxía de transferencia de escenarios e símbolos propios da narrativa da obra.

Autoría

Laura González Tubío

Instagram

@lautubio

(13) Laura Tubío



(13.1)

(13) Laura Tubío





(13.2) (13.3)



Créditos

Fotografía

Sergio Sueiro Miranda
@ssueirophoto

Modelos

Paloma Antón e Cecilia Vázquez
@palomaanton_, @cecivaazquez

(13.4) · Volver ao índice

Tuset
A suit for a player

Colección

A Suit for a Player investiga o traxe masculino como unha construción histórica de autoridade e como materia dispoñible para o deseño. O percorrido parte da ornamentación cortesá dos séculos XVII e XVIII e atravesa a consolidación do traxe moderno. A figura do xogador permite pensar en quen actúa dentro de regras herdadas mentres ensaia outros movementos. A investigación combina historia do vestir, estudos sobre masculinidades e análise de imaxes cunha práctica de taller inspirada, de maneira situada, na antropofaxia cultural de Oswald de Andrade. Os estilismos desenvolven tres operacións relacionadas: Arquivo, Repetición e Deriva. As probas de patronaxe, a alteración de volumes e os accesorios que desprazan ou multiplican os códigos do traxe fan visible a distancia entre a súa aparencia estable e as súas posibilidades de transformación. A colección propón unha masculinidade que se presenta, se negocia e cambia ao vestirse, abrindo unha pregunta material e visual sobre as súas convencións.

Autoría

Héctor Manuel Rodríguez Tuset

Instagram

@tessut



(14) Tuset





(14.2) (14.3)

Créditos

Fotografía

Vitor Miranda e María Feijoo
@vitomiranda_, @mericusan

Modelos

Sergio Vidal e Manolo Eirin
@serapo05, @manoloeirin

Maquillaxe e perrucaría

Andrea Rodríguez
@rodreiras

Asistencia de estilismo

Andrea Rodríguez
@rodreiras

Xastrería

Pilar Tuset, María Doldán e Celsa Carracedo



Celia Vilariño

This is (not) SuperStar

Colección

Unha exploración da Nova Iorque dos anos 70 a través de figuras e lugares como The Factory e o Hotel Chelsea, na que imaxes e texto funcionan como bibliografía visual da época. O proxecto recrea unha visión persoal desde o desexo de encarnar aquel mundo e formar parte del. As pezas presentan siluetas limpas e sinxelas con volumes que xustapoñen tecidos lisos e brillantes con pelo sintético, globos de poliamida e cintas ou cordóns reconvertidos en elementos que lembran o punto. Os materiais inspíranse nos referentes culturais e nas súas obras: os globos aluden á instalación «Silver Clouds». Os accesorios dialogan con estes conceptos, nunha paleta de tons pastel acentuada por cores vibrantes e rechamantes.

Autoría

Celia Vilariño Porto

Instagram

@ayllorona

(15) Celia Vilariño



(15.1)

(15) Celia Vilariño





(15.2) (15.3)



Organiza

Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda. Facultade de Deseño, Universidade de Vigo.

Patrocina

Concello de Pontevedra
Concellaría de Cultura
Vicerreitoria do Campus de Pontevedra
Fundación Bimba y Lola
Fundación Artesanía de Galicia. Xunta de Galicia
Consello Social da Universidade de Vigo
Campus CREA

Colaboran

Inditex
Bimba y Lola
Parfois
Adolfo Domínguez
Sociedad Textil Lonia
Coca- Cola Europacific Partners
Kevin Murphy

Premios ofrecidos por

Fundación Bimba y Lola
Premio DEBUT 2026 ao deseño e a creatividade
Fundación Pública Artesanía de Galicia. Xunta de Galicia
Premio DEBUT 2026 á colección con valor artesanal

Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda Universidade de Vigo · Facultade de Deseño Universidade de Vigo · Concello de Pontevedra · FUNDACION BIMBAYLOLA · ARTESANÍA DE GALICIA · XUNTA DE GALICIA · Consello Social Universidade de Vigo · Campus Crea. Pontevedra Universidade de Vigo

Tribunal/xurado

Aurea Aburto Gómez, Directora de accesorios e bisutería en Bimba y Lola
Txampi Diz, Director de marketing independiente
Camilla Borella, Directora de comunicación independiente
Pablo Pallardo, Director de accesorios en Bimba y Lola
Ines Quezada, Directora Académica del Grado en Diseño de Moda de IE University
Sara Sozzani Maino, Directora Fondazzione Sozzani

Dirección y organización Debut

Lola Dopico
Coordinadora Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda
Facultade de Deseño
Universidade de Vigo

Dirección artística

Alfredo Olmedo

Deseño gráfico

Elías Pérez Alvariño
Cristina Varela Casal. Universidade de Vigo

Deseño web

Marcos Dopico Castro. Universidade de Vigo

Deseño visual e multimedia

Elías Pérez Alvariño
Patricia Dopico Rodríguez. Universidade de Vigo

Deseño de montaxe e escenografía

Alfredo Olmedo Portela
Eduardo Outeiro Ferreño. Universidade de Vigo
Cristina Varela Casal. Universidade de Vigo
Patricia Dopico. Universidade de Vigo
Roman Corbato. Universidade de Vigo

Diseño de documentación

Sara Mallo Román

Colabora o alumnado do Grao en Deseño. Universidade de Vigo

Coordinación de backstage e Community managers

Saray Martin Santos
Raúl Pérez Doblas
Andrea Otero Vázquez
Jesús Veiga González
Ada Pérez Valiño
Andrea Martin López
Lucia Rodríguez Trigo

Fotografía Backstage

Andrés Fraga. Universidade de Vigo

Coreógrafo y regiduría

Heriberto Otero
Tania Ferreiro López

Asistente de coreógrafo e rexedoría

Dinke Suárez

Video e streaming

Rsprovideo

Música

Sinsalaudio

Proxeccións en vivo

Roi Fernández. Universidade de Vigo

Perruquería e maquillaxe

Guy & Silvia

Montaxe

Promoción y gestión cultural Trisquelia S.L.